

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A densidade é unha propiedade da materia, polo que todos os obxectos construídos cun mesmo material terán a mesma densidade.

A densidade dun corpo obtense dividindo a súa masa entre o seu volume. A unidade de medida da densidade é o gramo por centímetro cúbico (g/cm³).

Un corpo flota na auga se a súa densidade é menor ca a desta (1 g/cm³).

1 Calcula a densidade dun obxecto cunha masa de 60 g e cun volume de 30 cm³. Para iso, completa os ocós.

Densidade = masa : volume; 60 g : 30 cm³ = 2 g/cm³

- Calcula agora a densidade dun obxecto con 54 g de masa e 6 cm³ de volume.

Densidade = 54 g : 6 cm³ = 9 g/cm³

- Cres que flotará na auga algún dos dous obxectos? Explica por que.

Non flotará ningún deles, xa que a súa densidade é superior á da auga (1g/cm cúbico).

2 Rodea en cada balanza a bóla que ten maior densidade e explica por que.



Ten maior densidade porque ten máis masa e o mesmo volume.



Ten maior densidade porque teñen a mesma masa pero a da esquerda

ten menor volume.

3 Dous obxectos distintos construídos co mesmo material, terán a mesma densidade? Explica por que.

Si, terán a mesma densidade porque a densidade é unha propiedade específica das substancias.